

Poetas madrigalegos

O lazo común da residencia en Madrid. Este é o tema principal da antoloxía poética escollida por Manuel Rodríguez e que acolle textos de poetas de certa idade e xa consagrados como son Vicente Araguas ou Fermín Bouza Álvarez e doutros de idade intermedia como Xavier Frías ou Pereira ou incluso os máis mozos como Ana Cibeira ou Begoña Regueiro.

Por Manuel Rodríguez Alonso | Cangas | 05/09/2012

Título: Bilbao. Antoloxía da poesía galega en Madrid

Autor: Xavier Frías e Luís Luna (editores)

Editorial: Amargord

Lugar de edición: Madrid

Ano: 2012

Páxinas: Sen paxinar.

Parece ser que foi o xornalista Raimundo García Domínguez, Borobó, quen cuñou o termo madrigalego para se referir a galegos residentes en Madrid por motivos profesionais e que, nesta cidade, seguiron a desenvolver un labor literario e intelectual en galego. Hai uns poucos anos o ensaísta e historiador X.A. Durán recuperou o termo. Madrigalegos foron Rosalía e Murguía, Curros, Otero Pedrayo como estudante ou opositor, Losada Diéguez, o propio Cunqueiro, os membros de Brais Pinto ou máis recentemente escritores tan afamados e mediáticos como Domingo Villar ou Carlos G. Reigosa. O propio Celso Emilio, o ano do seu falecemento, era un madrigalego. Mesmo a Facultade de Filoloxía de Madrid publica unha revista, Madrygal, onde tenta recuperar este concepto do madrigalego, liberándoo de calquera matiz despectivo.

Por outra banda, non esquezamos a presenza de Madrid no sistema editorial e literario galego. Abonde para probar esta afirmación con dicir que a empresa que hoxe edita máis libros en galego, Xerais, pertence á matriz da madrileña Anaya ou que un dos medios máis influentes na literatura e cultura galega é o madrileño El País, coa súa edición para Galicia e o seu suplemento de cultura, Lucas, convertido de feito en voceiro da cultura oficial galega do Consello de Cultura coas colaboracións de Monteagudo, Vilavedra, Villares, Baamonde etc. Non esquezamos ademais o papel que as editoriais madrileñas como Alfaguara, Siruela e outras representan na difusión da obra de autores galegos como Rivas, De Toro ou Villar traducidas ao castelán.

Xa que logo en Madrid hai e houbo unha importante colonia de emigrantes galegos que, basicamente, procuran un traballo que non atopan ou non atoparon, por diferentes causas que non imos especificar aquí, na propia Galicia.

Ademais, como lle aconteceu a Curros ou ao propio Murguía, ou tamén a Cunqueiro e hoxe aos Rivas, De Toro, Reigosa ou Villar, o profesional que elixe vivir da literatura ou de oficios conectados con esta, coma o xornalismo, atopa en Madrid unhas oportunidades de traballo que non se lle dan na propia Galicia, aínda que iso supoña o emprego do castelán. Iso aconteceuulle no Rexurdimento a Curros ou ao propio Murguía, hai pouco a Cunqueiro e agora a Rivas, Reigosa ou De Toro, profesionais de empresas tan importantes no mundo da cultura castelá como a axencia Efe ou o grupo Prisa.

Mais moitos destes autores non renuncian á súa galeguidade. O cultivo do castelán é unha forma de procurar un soldo. Non obstante, o galego segue a ser a súa vocación. Ata sobre esta presenza do galego en Madrid hai unha recente tese de doutoramento debida á profesora Ana Acuña.

Dentro destes madrigalegos de hoxe destaca o grupo de poetas galegos establecidos en Madrid e agrupados baixo o nome Bilbao, cuxa antoloxía comentamos agora. O colectivo Bilbao está formado por poetas madrigalegos como Vicente Araguas (tamén importante crítico literario), Fermín Bouza (recoñecido sociólogo e politólogo nas páxinas de opinión de El País-Galicia), Ana Cibeira, Xavier Frías, Begoña Regueiro, Luís Luna, Verónica Martínez, Manuel Pereira, Viqui Veiguela e Rafael Yáñez. Luís Luna no prólogo desta antoloxía poética explica a orixe do nome deste colectivo poético e as súas características.

Desde 1996 no café Comercial, da glorieta madrileña de Bilbao, vén celebrándose o sábado derradeiro de cada mes un faladoiro de escritores, intelectuais e estudantes galegos residentes en Madrid. Os poetas toman o nome da praza onde está o café que serve de lugar de reunión. Quen queira comezar a coñecer a actividade do grupo debe ler o breve, mais documentado prólogo que Luís Luna escribiu para esta antoloxía.

A antoloxía que agora comentamos reúne poetas de diversas xeracións e tendencias, co único lazo común da residencia en Madrid. Deste xeito a antoloxía acolle textos de poetas de certa idade e xa consagrados como son Vicente Araguas ou Fermín Bouza Álvarez. A carón deles aparecen outros de idade intermedia como Xavier Frías ou Pereira ou incluso os máis mozos como Ana Cibeira ou Begoña Regueiro.

Pasando xa aos poemas escolmados, Araguas presenta un conxunto de catro poemas dedicados ao Sáhara onde se mesturan o paisaxismo, a intimidade do poeta e mais a protesta polo abandono deste antiga colonia española. Bouza Álvarez lembra unha Compostela dos anos da mocidade e dos soños revolucionarios na fin do franquismo, que quizá só foron un motivo para enteter os invernos de Compostela mentres se escoitaban as cancións de Brél, os Beatles ou Leo Ferré. Malia o escepticismo sobre esa revolución que manifesta o eu lírico nada foi en van. A lembranza da Compostela dos sesenta e dos primeiros setenta remata con ese acaído eran tempos escuros, que pecha o poema. É quizá este poema longo de Bouza, tan marcado pola nostalxia, un dos mellores sobre a xuventude universitaria compostelá do remate dos sesenta e comezos dos setenta, así como sobre o que deu en chamarse tras a Transición o desencanto.

Ana Cibeira nos dous poemas antologados amosa unha sensibilidade próxima á dos poetas dos noventa. Frías nos seus textos cultiva unha veta erótica onde se unen sinceridade e culturalismo. Luís Luna, nos tres poemas curtos que ofrece a antoloxía, amosa como a linguaxe se torna moitas veces insuficiente e a poesía tenta superar esta eiva. Pola súa banda, Martínez Delgado combina o erotismo coa forza telúrica nos poemas elixidos, onde a linguaxe propia da xeoloxía se pon ao servizo da tensión erótica, cunha grande orixinalidade. Manuel Pereira camiña polos vieiros da poesía da experiencia, especialmente no poema “Atlas”. Begoña Regueiro presenta uns poemas onde o paso do tempo e a memoria teñen un papel preponderante. Victoria Veiguela manifesta a imposibilidade do eu lírico para domear as palabras, mesmo para “recoñecelas” ou recrea Varsovia desde a memoria e a nostalxia. Pecha a antoloxía o vilalbés Rafael Yáñez, do que cómpre salientar o poema “Abano”, dun cálido e sensual erotismo.

Xa que logo, estamos perante unha antoloxía que nos amosa non só o quefacer poético galego no Madrid de hoxe, senón que tamén nos pon de manifesto como o galego vive vizosamente nun dos medios máis hostís para a nosa lingua e cultura. Madrid é a sede do españolismo e alí están institucións tan características desta ideoloxía como a Real Academia Española, FAES ou medios de comunicación como ABC, El Mundo..., que un día si e outro tamén defenden o castelán como lingua oficial única do Estado. Mesmo alí están así medios como El País, que propugnan, malia a súa aparente progresía, un uso restrinxido do galego, realmente como lingua de segunda fronte ao castelán e que está ben para a cultura ou para a literatura, mais con iso abunda. O que lea a edición de El País-Galicia verá como só certos artigos cultural-literarios se publican en galego e ata moitas veces os referidos á lingua galega, como acontecía nos primeiros tempos do Rexurdimento, van en castelán. Esta ideoloxía españolista e madrileña, tanto a extremista tipo FAES ou El Mundo, como a moderada de galleguismo bien entendido de El País, teñen amplo eco e moitos seguidores en Galicia, como ben se pode ver consultando as propostas electorais de PP, PSOE ou mesmo xornais como La Voz de Galicia ou Faro de Vigo.

De aí o valor e mérito destes emigrantes galegos en Madrid, que seguen a loitar pola súa lingua e cultura no corazón do españolismo.

Por outra banda, teremos que preguntarnos todos por que tantos escritores e intelectuais galegos, como son os antologados neste fermoso libro, se ven obrigados a saír de Galicia e instalarse en Madrid, Barcelona ou noutras cidades do estranxeiro. Evidentemente hai razóns económicas da procura dun traballo digno, que moitas veces non se atopa en Galicia e estamos ante unha emigración económica. Mais, en moitos casos, é así mesmo unha emigración para fuxir do caciquismo cultural que, malia o que se diga, segue a ter unha grande importancia en Galicia. Posiblemente moitos destes escritores e intelectuais emigraron como o fixo tamén Rosalía, que cando era madrigalega publicou precisamente nunha revista madrileña (El Museo Universal) o seu célebre “Adiós ríos, adiós fontes” cuns versos que todas as edicións da nosa poeta adoitan suprimir e mais os libros de texto que usan os nosos escolares: Por xiadas, por calores / desde que amanece o día / dou á terra os meus sudores, / mais canto esa terra cría / todo... todo é dos señores.

Os señores dos que fala Rosalía eran posiblemente os que cobraban os foros daquela, mais tamén os caciques. Os señores da Galicia de hoxe, empoleirados no mundo da cultura tamén, son os que fan que moitos dos nosos intelectuais e escritores, coma os do grupo Bilbao, emigren se non queren entrar polo aro do poder cultural establecido coa súa rede de subvencións e cargos aos que non discrepan do pope ou señor cultural, que distribúe subvencións e cargos entre os traballadores intelectuais. Moito se fala, por exemplo, neste ano de Celso Emilio. Mais Celso Emilio tivo que emigrar a Venezuela e despois a Madrid, e xa morto Franco, para poder traballar. Eu coido que hoxe Celso Emilio sería tamén un integrante do grupo Bilbao.

É tamén certo que moitos destes autores e intelectuais son profesionais da lingua e que, por motivos económicos, cultivan profesionalmente, ao lado do galego o castelán e ata son profesionais de sona nesta lingua, como por exemplo o sociólogo e ensaísta Bouza Álvarez. O cultivo do castelán permítelles a estes intelectuais unha liberdade económica que non lles ofrece o galego e ata vivir da escrita, como lle aconteceu a Cunqueiro ou ao propio Celso Emilio no derradeiro período da súa vida. Esta independencia económico-profesional é a que fai que poidan publicar e espallar ideas que nunca terían cabida nos medios galego convencionais como La Voz, Faro, El País-Galicia ou mesmo nas publicacións subvencionadas do Consello, Ramón Piñeiro, Deputacións e demais institucións controladas polos popes de toda a vida, verdadeiros señores ao xeito dos versos sempre suprimidos de Rosalía.

Xa que logo, parabéns para estes madrigalegos, representantes da galeguidade na cerna do españolismo, que, paradoxalmente, tantos seguidores ten en Galicia a través non só dos medios estatais, senón dos galegos como Faro, La Voz..., ou partidos políticos como o PP ou o PSOE, por non dicir Galicia Bilingüe ou Unión, Progreso y Democracia.

Deste xeito, agora que se achegan novas eleccións teñamos en conta o que simbolizan estes madrigalegos á hora de votar. Todos temos que ter claro quen son os que defenden Galicia, a súa identidade e a súa lingua, así como unha sociedade máis xusta e anticaciquil, que evite o paso pola emigración de moitos dos nosos concidadáns. Moito homenaxeian hoxe os poderes de sempre a Rosalía, co gallo do cento cincuenta aniversario dos Cantares, ou a Celso Emilio no seu centenario, pero esas mesmas forzas e ideoloxías foron os que os converteron en madrigalegos. Non o esquezamos o próximo 21 de outubro.